

## Diante dunha caricatura de Salvador García-Bodaño feita por Xose Freixanes

Por Anxo Tarrío Varela

Velaquí un tipo duro, sen dúbida. Chegou naipelo do Sur, das terras viguesas de Teis, alá pola posguerra de fieltos e loito ancho na gabardina encubridora. Asentou en Compostela, no centro e cerna do labirinto, na ruela inconfundible da Caldeireiría, unha carreiriña de can até a Universidade, outra até os cabalos fríos dos prateiros medievais.

En Compostela puxo en marcha propiamente o reloxo da vida e xa non había abandonar a cidade sen a dor de deixala, Penélope amada, anque fose tan só por uns cursos de dereito na Vetusta de Asturias, unha proba de afastamento para unha paixón sempre acesa, porque Compostela e el son xa unha institución de amor, un tándem da historia a se auscultar, a se escoitar mutuamente o bater duro da vida en cadanseu corazón, el a ela, ela a el, pedra a pedra, pena a pena, *bonjour tristesse*, ao pé de cada hora, de todas as horas.

Contempla ou imaxina, lector, unha mirada penetrante e impenetrábel, sempre a furar a chuvia, toda unha tomografía para lle tomar o pulso do tempo á súa única cidade. É a mirada medieval, a sombra e a luz, barrocas e galegas inconfundibelmente. A mirada grande das prazas sorprendentes que resumen o aire de todos os versos perdidos no nordés alto do Obradoiro, ese vento estrelado e noitebro de azul e frío.

Velo aí, lector, sempre á procura dos adeuses esmagados entre as doridas mans das despedidas sen volta, sempre na dúbida da Galicia irredenta, única patria. Despois, o mundo todo, o mundo ancho dos emigrados a ningures para sempre.

Mira como nace da terra, alongado como o alcipreste que garda a memoria dos mortos benamados da patria única, como a voz da espada que fende en cada tumba o berro das inxustizas todas. Velaí cómo lle sabe a voz a Carlos Maside e Otero Pedrayo, cómo

lle arrecende o alento a Cabanillas e Cunqueiro de tanto os cantar xa inutilmente. Molla o teu mirar nas bágoas salgadas de Alexandre Bóveda e Camilo Díaz, de Anxel Casal e de todas as cunetas floridas que xa nunca escoitarán o canto do galo. Mira a súa fronte feita de decrúas por todas as xeografías da terra nai imposíbel, calellas mil a se perder no corazón como se perde o tempo no balbordo das praias tan amadas.

Velo aquí o tes: é Salvador García-Bodaño. Un tipo duro, sen dúbida, que chegou quente do Sur envolto nas brétemas maternas da posguerra para ser poeta e voz maior da cidade da auga.

*El Correo Gallego*, 1996